



CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA EXPOSICIÓN TEMPORAL “OS BRANCOS SECRETOS DA SÚA PANZA”

En Santiago de Compostela, en 30 de setembro de 2020

REUNIDOS

DUNHA PARTE,

A **FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA**, con domicilio social en Cidade da Cultura de Galicia situada en Santiago de Compostela, Monte Gaiás s/n, e provisto do NIF G15721640.

Está representada neste acto por D^a. Ana Isabel Vázquez Reboredo, na súa condición de Directora Xerente, conforme aos poderes outorgados ao efecto polo Padroado da Fundación na sesión do 16 de decembro de 2016.

DOUTRA PARTE,

CARLOS ROSÓN GASALLA, con Dni e domicilio en,

- En representación de si mesmo, como propietario de parte da colección.
- En representación de **ADIU SOCIEDAD LIMITADA**, Con NIF B36100717 e domicilio en Rúa Nova de Arriba, nº 1-4º de Pontevedra, en calidade de Administrador Único segundo poder outorgado ante o Notario do Ilustre Colexio de Galicia, D., en data de, co seu número de protocolo.
- En representación de **OF.P.90, S.L.**, Con NIF B36019586 e domicilio en Rúa Alameda, nº16-7ºB de Pontevedra, en calidade de Administrador Único segundo poder outorgado ante o Notario do Ilustre Colexio de Galicia, D., en data de, co seu número de protocolo.

As partes, segundo interveñen, se recoñecen, mutua e reciprocamente, a capacidade legal necesaria e a representación suficiente para formalizar o presente Convenio de Colaboración (o “Convenio”), e ao efecto

EXPOÑEN

I.- Que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia foi constituída o 27 de decembro de 1999, como organización de natureza fundacional, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da institución.

Mediante a Orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 11 de xaneiro de 2000, (DOG núm. 11 do 18 de xaneiro), clasificouse a Fundación Cidade da Cultura de Galicia como cultural e adscribiuse á Consellería de Cultura. Por Orde da



Consellería de Cultura do 19 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 26 do 8 de febreiro) declarouse de interese galego e inscribiuse no rexistro de fundacións desta consellería co número 73.

Esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia forma parte do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia. Na actualidade está adscrita á Consellería de Cultura e Turismo que exerce o seu protectorado e cuxo conselleiro ostenta a presidencia do Padroado, órgano reitor máximo da Fundación.

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia, é unha entidade cultural que carece de ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución, e que ten entre os seus fins a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador propicio a interacción cultural. Entre os seus fins fundacionais se atopa;

- “a) As necesarias para converterse nun actor clave na difusión cultural, que serva de punto de encontro entre os cidadáns e a cultura.*
- b) As que contribúan a desempeñar un papel destacado no proceso de enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía, con especial énfase na adopción e uso das novas tecnoloxías.*
- [...] d) Cantas dinamicen o sistema cultural galego, promovendo a difusión e conservación da nosa cultura, e a formación dunha comunidade artística vibrante, atendendo tanto a autores de referencia como a novos talentos ou a cultura de base.*
- e) As que fomenten a interrelación e os proxectos en conxunto entre axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas, con especial énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada.*
- f) As axeitadas para posicionar o Gaiás como referente internacional de reflexión, debate e formación no ámbito da innovación na xestión cultural, que contribúa á profesionalización dos diferentes axentes e das súas iniciativas. [...]”*

En cumprimento dos seus fins fundacionais e obxectivos sociais, a Fundación organiza, entre outras actividades, exposicións que canalizan a promoción da cultura e que redundan na cidadanía galega; neste sentido, a Fundación Cidade da Cultura de Galicia dentro do seu programa de exposicións, inclúe a organización, desenvolvemento ou apoio de eventos culturais de interese para a difusión da Cidade da Cultura de Galicia.

Visto o anterior, a Fundación está interesada en organizar unha exposición con pezas de arte propiedade de Carlos Rosón, ADIU SOCIEDAD LIMITADA e OF.P.90, S.L e que na actualidade están depositadas na Fundación Rosón Arte Contemporánea con sede en Pontevedra.

A colección está conformada por máis de 300 obras de arte e 170 artistas de renome nacional e internacional, con clara presenza de artistas visuais galegos. Está exhibida parcialmente na sede da Fundación RAC e nos seus almacéns, así como en diversas exposicións en forma de préstamos, sempre coa finalidade de ofrecer unha visión da arte contemporánea que ten como obxectivo favorecer o coñecemento e a reflexión sobre as tendencias artísticas do noso tempo.

A exposición basease nun resumo da colección sempre desde unha formulación conceptual, que analiza e estuda profundamente os eixes temáticos das pezas e artistas que a conforman, buscando puntos e enlaces comúns entre as obras para favorecer un discurso non lineal.



Polo anterior, a Fundación considera que resulta moi interesante organizar unha mostra onde se poda exhibir publicamente toda esta obra e achegar á cidadanía este patrimonio artístico, que na actualidade non se pode visitar globalmente na súa máxima expresión, incidindo especialmente na difusión e conservación da nosa cultura, a través da obra de artistas visuais galegos en diálogo con artistas nacionais e internacionais que doutro xeito, serían de difícil acceso ao público xeral..

Dita mostra se organizará baixo a denominación **“OS BRANCOS SECRETOS DA SÚA PANZA”** no andar terceiro do Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura de Galicia, entre o 5 de febreiro de 2021 e o 13 de xuño de 2021, e se inclúe dentro da liña “Exposicións e intervencións” da programación cultural e de actividades da Fundación, en cumprimento do seus fins sociais, do seu plan estratéxico e do mandato do seu Padroado.

II. Que Carlos Rosón Gasalla (Santiago de Compostela, 1955) é arquitecto e desde o ano 2007, presidente da Fundación Rosón Arte Contemporánea (Rac).

Concedéuselle o Premio outorgado por ARCO ao coleccionismo nacional corporativo no ano 2009 e foi galardoado co Premio “Arte e Mecenazgo” de La Caixa no ano 2018.

Pertence ás seguintes organizacións e institucións relacionadas coa arte Contemporánea: membro do Padroado do CGAC; membro da Asociación de Coleccionistas Privados de Arte Contemporánea 9915; membro do Instituto de Arte Contemporánea; membro do Padroado da Fundación ENAIRE e membro do Comité Asesor da Fundación ARCO.

Impartiu clases no máster sobre Arte, Museología e Crítica Contemporánea, organizado pola Universidade de Santiago de Compostela, e foi docente na UIMP de Santander (2015).

Comisariou distintas exposicións, é asesor de coleccións de arte contemporánea e participou en diversas mesas redondas e conferencias relacionadas co coleccionismo e a arte contemporáneo.

Carlos Rosón Gasalla, ademais é propietario de parte das obras que formarán parte da exposición, e ostenta os dereitos propios e os cedidos para a organización e realización da exposición temporal **“OS BRANCOS SECRETOS DA SÚA PANZA”**.

Por outra parte, ADIU SOCIEDAD LIMITADA, da que é administrador único, Carlos Rosón Gasalla, é unha sociedade propietaria de parte das obras que formarán parte da exposición, e ostenta os dereitos propios e os cedidos para a organización e realización da exposición temporal **“OS BRANCOS SECRETOS DA SÚA PANZA”**.

Igualmente, OF.P.90, S.L. da que é administrador único, Carlos Rosón Gasalla, é unha sociedade propietaria de parte das obras que formarán parte da exposición, e ostenta os dereitos propios e os cedidos para a organización e realización da exposición temporal **“OS BRANCOS SECRETOS DA SÚA PANZA”**.

III.- Que a Fundación e Carlos Rosón Gasalla, ADIU SOCIEDAD LIMITADA e OF.P.90, S.L, no convencemento da importancia de dar a coñecer este patrimonio artístico, con especial atención á obra de relevante creadores galegos, manifestan a súa vontade de colaboración no desenvolvemento desde proxecto, e con tal finalidade acordan a sinatura do presente acordo con suxeición ás seguintes



CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

É obxecto do presente convenio, o establecemento das bases de colaboración para que obras pertencentes a colección de Carlos Rosón Gasalla, ADIU SOCIEDAD LIMITADA e OF.P.90, S.L, estean presentes na exposición temporal **“OS BRANCOS SECRETOS DA SÚA PANZA”** que se celebrará no Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura de Galicia, entre o 5 de febreiro de 2021 e o 13 de xuño de 2021. En virtude do anterior, Carlos Rosón Gasalla cede temporalmente e a título gratuito a obra recollida no ANEXO I a este convenio.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES

En virtude do presente convenio, a **FUNDACIÓN** se obriga a:

1. Organización integral, difusión e promoción de toda a exposición en todas as súas vertentes, na súa calidade de organizadores da mostra.
2. Creación do proxecto expositivo na montaxe e desmontaxe da exposición, para o que xestionará e elaboración dun argumentario da mostra e conceptualización elaborado pola comisaria da exposición, do que se lle dará traslado a Carlos Rosón Gasalla.
3. Xestión e asunción dos custes derivados da contratación da coordinación xeral da mostra e do comisariado.
4. Achegar de maneira gratuita dos espazos expositivos no Museo Centro Gaiás para exhibir a mostra, asumindo os custos de seguridade, limpeza e mantemento dos espazos durante o tempo establecido para a exposición. O Museo Centro Gaiás conta coas condicións medioambientais óptimas para a conservación das obras.
5. A subscribir e asumir os gastos dunha póliza de seguro a todo risco “cravo a cravo” que cubrirá as obras dende a súa recollida nos lugares indicados polo prestador ata a súa devolución, unha vez clausurada a exposición e na que se especifique o valor individual de cada obra segundo o listado facilitado polo prestador.
6. A facerse cargo dos custos derivados do transporte de concentración das obras desde a ubicación orixinal ata o Museo Centro Gaiás e de dispersión das mesmas unha vez rematada a exposición, con devolución aos lugares de orixe. Este transporte se realizará por unha empresa especializada no movemento de obras de arte, con acreditada experiencia no sector.

O Departamento de Exposicións da Fundación Cidade da Cultura de Galicia supervisará a descarga de obra no depósito do Museo Centro Gaiás, así como a posterior carga para a devolución das pezas una vez terminada a exposición.

7. A asumir os custos da embalaxe das obras no seu lugar de orixe, desembalaxe, montaxe e posterior desmonte e reembalaxe da obra no Museo Centro Gaiás e devolución de obra a súa ubicación orixinal.

Así mesmo o Departamento de exposicións da Fundación Cidade da Cultura de Galicia supervisará todos os movementos de traslado de las obras, desembalaxes e colocación na sala así como o posterior desmontaxe e reembalaxe, realizando os correspondentes rexistros de entrada e saída das pezas e facilitará os planos e alzados necesarios para a localización e distribución da obra por seccións.



Co fin de aclimatar a obra, esta deberá permanecer dentro da embalaxe precintada polo menos 24 h, nunha sala coas mesmas condicións climáticas que a sala de exposición. exposición manterán as seguintes condicións ambientais:

- Humidade relativa: dentro do rango 50 % $\pm$ 5% sen oscilacións.
 - Temperatura: 20° $\pm$ 2° C
 - Intensidade da luz: pintura <150 luxes, obra sobre papel <40 luxes
 - Radiación ultravioleta inferior a 70 μ w/ lumen .
8. A “deseñar e producir os elementos arquitectónicos e soportes expositivos necesarios para a correcta e segura exhibición das obras da colección, así como proporcionar o hardware adecuado para as obras de formato audiovisual.
 9. A deseñar e producir ao seu cargo os materiais de difusión, como invitacións, información para prensa e web, material audiovisual, etc., así como os que, no seu caso, se deriven de la edición de folletos o catálogos.
 10. Elaboración, coordinación, produción e asunción dos custos do catálogo da exposición, así como a xestión e pago dos dereitos de explotación da propiedade intelectual necesarios para a súa publicación. A Fundación entregará gratuitamente a Carlos Rosón Gasalla, 100 exemplares do catálogo.
 11. Compromiso de incluír e difundir a colaboración de Carlos Rosón Gasalla, en todo o material divulgativo e publicitario que edite, así como posibles entidades colaboradoras e/ou patrocinadoras, facendo constar expresamente que os fondos pertencentes á colección de arte de Carlos Rosón Gasalla.
 12. Xestión e elaboración das traducións dos textos a empregar na exposición.
 13. Xestión e asunción dos custos derivados da maquetación e produción da gráfica da montaxe e da gráfica de difusión trilingüe (castelán-galego-inglés).
 14. En caso necesario, xestión e asunción dos custos derivados de adquisición e/ou adaptación ou acondicionamento de vitrinas e/ou mobiliario nas que se acomodarán as obras, así como o material de iluminación existente.
 15. Organización e asunción dos custos derivados da inauguración da mostra, de ser necesario.

En virtude do presente convenio, a **CARLOS ROSÓN GASALLA, ADIU SOCIEDAD LIMITADA e OF.P.90, S.L.**, se obrigan a:

1. Ceder temporalmente e a título gratuito a obra recollida no ANEXO I a este convenio, para a súa exhibición na exposición temporal “OS BRANCOS SECRETOS DA SÚA PANZA” que se celebrará no Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura de Galicia.
2. Como propietarios das obras que formarán parte da exposición, ostentan os dereitos propios e os cedidos para a organización e realización da exposición temporal “OS BRANCOS SECRETOS DA SÚA PANZA”, e responderán fronte a calquera reclamación que, por vulneración dos dereitos de propiedade intelectual ou participación e demais dereitos conexos, poidan realizarse sobre as obras integrantes da exposición obxecto da cesión.
3. Facilitar todo o listado de obra relativa á súa Colección e todos os datos de medidas, conservación e manipulación, necesarios para a súa montaxe expositiva.





4. Colaborar coa elaboración dun texto para o catálogo da exposición na súa calidade de propietarios de obra.
5. Colaborar na divulgación da exposición atendendo a accións como roldas de prensa, presentacións ou gravacións para difundir nas redes dixitais.

TERCEIRA.- FINANCIACION

A cesión de temporal dos fondos pertencentes á colección de arte de Carlos Rosón Gasalla, ADIU SOCIEDAD LIMITADA e OF.P.90, S.L, recollidos no Anexo I deste convenio para a súa exhibición na mostra “OS BRANCOS SECRETOS DA SÚA PANZA” que se celebrará no terceiro andar do Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura de Galicia, entre o 5 de febreiro de 2021 e o 13 de xuño de 2021, realizarase a título gratuito, sen contraprestación algunha por este motivo.

CUARTA.- VIXENCIA

Este acordo producirá os seus efectos a partir da data da súa sinatura, e a súa vixencia estenderase ata o momento que cese o desenvolvemento nel previsto coa devolución total das pezas ao seu lugar de orixe.

QUINTA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DO ACORDO

As partes poderán modificar ou resolver o presente acordo en calquera momento por mutuo acordo. Así mesmo, poderán denunciar o presente acordo en calquera momento, por vontade expresa de calquera das partes cun preaviso de dez días naturais.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente acordo por unha das partes facultará ás outras para resolver o mesmo, cos efectos que legalmente procedan.

SEXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Establécese unha Comisión de Seguimento do presente convenio integrada por un representante por cada unha das partes asinantes deste convenio. A Comisión de Seguimento asumirá, entre outras, as seguintes funcións:

- Supervisar a execución do obxecto do contrato.
- Resolver os problemas de interpretación e cumprimento que se deriven do presente convenio.

A comisión poderá reunirse tantas veces estimen oportuno as partes, para mellor cumprimento e execución deste convenio, e por iniciativa de calquera delas.

SÉTIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS

1. Tratamento de datos persoais das partes intervinientes no convenio

As partes intervinientes manifestan ter sido informadas, respecto dos seus propios datos persoais que se faciliten para a formalización e o adecuado desenvolvemento deste convenio, conforme ao disposto no artigo 13 do Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais (en diante, RXPd). A lexitimación para o tratamento dos datos seus datos, será a execución do presente convenio.



No caso de que, no ámbito deste convenio, os intervenientes se facilitasen respectivamente datos persoais de terceiros, incluídos os relativos ao persoal ao seu servizo, estes serán tratados para o cumprimento dunha misión de interese público ou o exercicio de poderes públicos, debendo informar previamente á súa comunicación aos interesados dos extremos previstos no devandito artigo 13.

2. Deber de confidencialidade das partes intervenientes no convenio

As partes intervenientes deberán respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos e informacións que lle foran confiados para a formalización do convenio ou que sexan elaborados con ocasión da execución do mesmo. Así, quedan expresamente obrigadas:

- a utilizar a devandita información exclusivamente no ámbito deste convenio e para as finalidades previstas no mesmo;
- a non comunicala, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei, esixindo idéntico compromiso ao persoal que empregue ou co que colabore na execución do convenio;
- a facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para o desenvolvemento da devandita relación, a quen se comunicará a obrigaçón de tratar a información á que se lles dá acceso con carácter estritamente confidencial;
- a aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a forneceu;

Considerarase información confidencial aquela á que os intervenientes accedan en virtude do presente convenio, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, de produción, de mercadotecnia, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non teña carácter público ou notorio. Este deber manterase durante un prazo mínimo de dez anos desde o coñecemento desa información.

OITAVA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

Serán causas de resolución do presente convenio:

1. O acordo mutuo entre as partes.
2. O incumprimento sistemático e continuado das cláusulas contidas nel.
3. A falsidade ou inexactitude dos datos e circunstancias subministrados á Fundación.
4. As disposicións normativas ou, de ser o caso, acordos polas que extingan as partes ou se dispoñan outros usos para a Cidade da Cultura de Galicia.
5. O incumprimento dalgunha das demais obrigas contidas no presente acordo ou na normativa civil aplicable.

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a Fundación Cidade da Cultura e os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas no convenio ou terceiros que colaboren na realización do mesmo..

NOVENA.- RÉXIME XURÍDICO E SOLUCIÓN DE DISCREPANCIAS

O presente convenio está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2017/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, se ben se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.



**XUNTA
DE GALICIA**

Fundación Cidade da Cultura de Galicia
Edificio CINC (3º andar), Monte Gaiás
15707, Santiago de Compostela
T.: (+34) 881 997 564, F.: (+34) 881 997 577
cidade.cultura@xunta.gal
www.cidadedacultura.gal



**FUNDACIÓN
CIDADE
DA CULTURA
DE GALICIA**

galicia

As partes se comprometen a resolver de común acordo calquera controversia que puidera suscitarse sobre a interpretación ou execución deste Convenio.

Conforme ao previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, este convenio incluírase no Rexistro de convenios da Xunta de Galicia a que se refire o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E en proba de conformidade co exposto, asinan este acordo no lugar sinalado no encabezamento e na data da súa sinatura dixital

Pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia Polas Cedentes

D^a Ana Isabel Vázquez Reboredo
Directora Xerente

D. Carlos Rosón Gasalla
Propietario colección de arte "Carlos Rosón"
Administrador Único de ADIU SOCIEDAD LIMITADA
Administrador Único de OF.P.90, S.L.



ANEXO I: FONDOS PERTENCENTES Á COLECCIÓN DE ARTE DE CARLOS ROSÓN GASALLA, A ADIU SOCIEDAD LIMITADA E A OF.P.90, S.L. PARA A SÚA EXHIBICIÓN NA MOSTRA “OS BRANCOS SECRETOS DA SÚA PANZA”

Nº ref	Título	Embalaje	Técnica y dimensiones	Condiciones de Montaje	Valor de seguro	Dirección	OBSERVACIONES
1	Sofía Táboas: <i>Piedra principio</i>, 2013	Cajas de cartón	Esculturas de diversos formatos y retales de piel de diversos colores. Metal, escayola y retales de piel. Dimensiones variables // Adaptar en el espacio de la entrada a la expo	Colgada en el techo / esculturas en el suelo			Pieza colgada del techo y en suelo. Hay que montar una estructura para colgar las pieles del techo a 2,80 m. del suelo aproximadamente
2	Fernanda Gomez: <i>Sin título</i>, 2011	Cajas de cartón	60 x 150 x 6 cm	Colgada sobre pared			Obra de pared
3	Luisa Lambri: <i>Untitled (CGAC #15 #16 #17)</i>, 2008	Cajas de cartón	Laserchrome print 74,9 x 63,5 cm	Colgada sobre pared			Obra de pared
4	Benjamín Torres: <i>Contenido neto</i>, 2008	Caja de madera para los objetos. Embalaje de papel burbuja para la estantería	400 vaciados en yeso y estanterías metálicas 182 x 200 x 30,5 cm	Escultura			Obra de suelo
5	Ernesto Neto: <i>Sin título</i>, 1992	Caja de cartón	Piedras, poliamida, espuma de poliestireno y bolas de plomo 47 x 64 x 20 cm	Escultura / Peana			Obra de suelo. Necesita peana
6	Iván Navarro: <i>Humeless lamp, the juice sucker</i>, 2005	Ya dispone de caja la obra	Bombillas fluorescentes, mezclas eléctricas y ruedas. Instalación Dimensiones variables aprox??	Escultura			Obra de suelo. Necesita además un monitor o proyección sobre pared con sonido
7	Gregor Schneider: <i>The german contribution bower Venice</i> 2001, 2001	Papel burbuja	Dos fotos en color en cuadros pintados a mano del artista con paspartú 41,9 x 31,8 cm	Colgada en la pared			Obra de pared
8	Ignasi Aballí: <i>Listado (verde II)</i>, 2011	Papel burbuja	Impresión digital sobre papel 120 x 84 cm	Colgada en la pared			Obra de pared
9	Julião Sarmento:	Caja de	Óleo sobre	Colgada en			Obra de pared





	<i>The House with the Upstairs in it iv, 1996</i>	cartón	lienzo 110 x 260,5 cm	la pared			
10	Daniel Steegmann Mangrané: <i>Sprouts, 2015</i>	Papel burbuja	Acuarelas sobre serigrafía 23,5 x 16 cm	Colgada en la pared			Obra de pared
11	Cynthia Gutiérrez: <i>Gloria olvidada, 2012</i>	Papel burbuja	Tela decorada, latón 2 partes de 90 x 110 cm c/u	Colgadas en la pared			Obra de pared. Debe colocarse a más de 2,70 m. del suelo
12	Cao Guimarães: <i>Concerto para clorofila, 2004</i>	Papel burbuja	DVD 7 minutos	Monitor TV / plasma colgado en la pared			Necesita un proyector con sonido y una pared grande para la proyección
13	Elisa Sighicelhi: <i>Table Clouse-up, 2000</i>	Caja de madera	Fotografía en caja de luz 123 x 123 x 7 cm	colgado en pared			Obra de pared
14	José Guerrero: <i>Burning Earth, 1958</i>	Caja de madera	Óleo sobre lienzo 107 x 1342 cm	colgado en pared			Obra de pared
15	Tracey Moffatt: <i>Something More #2, 1989</i>	Embalaje de papel burbuja	Fotografía a color 97,8 x 127 cm	colgado en pared			Obra de pared
16	Aino Kannisto: <i>Mirror, 2000</i>	Caja de cartón	Fotografía 90 x 110 cm	colgado en pared			Obra de pared
17	Ángela de la Cruz: <i>Dislocated Painting, 2001</i>	Caja de madera	Óleo sobre lienzo, 200 x 180 cm	colgado en pared			Obra de pared
18	Sara Coleman: <i>Ser vertical, 2019</i>	Papel burbuja	Fieltro y madera 200 x 15 x 103 cm	Escultura. Suelo y pared			Obra apoyada en la pared y suelo
19	Zwelethu Mthethwa: <i>Untitled (Sacred Homes Series), 1998</i>	Caja de cartón	Impresión cromogénica montada sobre dibond 124 x 158 cm	colgado en pared			Obra de pared
20	Teresa Hubbard y Alexander Birchler: <i>Eight nº4, 2001</i>	Papel burbuja	Fotografía 5/20 59 x 70,4 cm	colgado en pared			Obra de pared
21	Aino Kannisto: <i>Classroom, 2000</i>	Caja de cartón	Fotografía 90 x 140 cm	colgado en pared			Obra de pared
22	John Baldessari: <i>Throwing Three Balls in The Air to Get a Atraight Line, 1973</i>	Papel burbuja	Fotografía sobre papel 12 partes de 32,5 x 24 cm c/u	colgado en pared			Obra de pared
23	Jonathan Hernández: <i>Esquela, 2007</i>	Papel burbuja	Collage 41 x 55 cm	colgado en pared			Obra de pared
24	Eulàlia Valldosera: <i>L'espera, 1999</i>	Caja de madera	Fotografía 127 x 170 cm	colgado en pared			Obra de pared





25	Imi Knoebel: Sin título, 1976-1983	Caja de madera	Acrílico sobre panel moldeado, 123 x 121 cm	colgado en pared			Obra de pared
26	João Louro: Blind Image #83, 2004	Embalaje de cartón	Acrílico sobre lienzo, esmalte bajo plexiglás 200x200 cm	colgado en pared			Obra de pared
27	Iñaki Bonillas: George W. Rollins, 2015	Papel burbuja	Ocho fotografías coloreadas a mano y ocho textos serigrafiados en caja 25,4 x 20,3 cm c/u	colgado en pared			Obra de pared
28	Ugo Rondinone: All Moments Stop Here and Together we Become Every Memory That Has Ever Been, 2002	Caja de madera	Plexiglas 160 x 150 x 3,8 cm	colgado en pared			Obra de pared
29	Ignasi Aballí: Vitrina (verde), 2011	Tiene su propia caja. Embalaje de papel burbuja para la base de acero	Acero, metacrilato e impresión digital 180 x 180 x 60 cm	suelo			Obra de suelo
30	Diego Santomé: Derecho a la pereza, 2010	Embalaje de cartón	Neón 175 x 18 x 5 cm	pared			Obra de pared
31	Imi Knoebel: An meine grüne seite 07-76, 2007	Tiene su propia caja	Acrílico, aluminio y plástico 36,5 x 25,5 x 3 cm	colgado en pared			Obra de pared
32	Jonathan Hernández: El tiempo (del 3 de junio al 8 de julio de 2007), 2007	Papel burbuja	Collage 39,6 x 53 cm	colgado en pared			Obra de pared
33	Carmen Calvo: Sin título, 1996	Caja de madera	Políptico, técnica mixta, cristales. 25 piezas de 50 cx	colgado en pared			Obra de pared
34	Roman Signer: Haus, 2004-2005	Embalaje de cartón	Construcción de metal, portaespaldas para bowers de 4 hojas, contacto eléctrico de tela de lana 200 x 216 x 216 cm	Escultura de la casa. Suelo			Obra de suelo
35	Roman Signer: Model für ein explosionshaus, 1997	Caja de madera	5 videostills (fotos) 40 x 50 cm c/u	Fotos colgadas en la pared			Obra de pared



36	Roman Signer: <i>Explosionshaus</i> , 1997	Papel burbuja	Vídeo / 3 min	Monitor para este vídeo			Necesita un monitor y un DVD con sonido
37	Marcos Covelo: <i>Sin título (mancha)</i> , 2015	Caja de cartón	Luz-neón, madera policromada y vinilo 150 x 150 x 150 cm	Pared y suelo			Apoyada en suelo y pared
38	Thomas Hirschhorn: <i>Swiss made</i> , 1999	Caja de cartón	Aluminio, aluminio, acrílico, cartón, fieltro, cinta adhesiva y madera pintada 230 x 52 x 6,5 cm.	Puede ser suelo o pared			Puede ser de pared o suelo
39	Antoni Tàpies: <i>Huella y agujeros</i> , 1959	Caja de madera	Técnica mixta sobre tela 130 x 89 cm	Colgado en pared			Obra de pared
40	Baltazar Torres: <i>La playa</i> , 2014	Está embalada	Materiales diversos 25 x 362 cm	Suelo			Obra de suelo
41	Elmgreen & Dragset: <i>Powerless Structures, fig 159</i> , 2001	Caja de madera	Madera, aluminio y plástico	Suelo			Obra de suelo
42	Jacobo Castellano: <i>Sin título</i> , 2015	Está embalada	Madera, metal y arpillera, 500 x 300 x 15 cm	Colgado en pared			Obra de pared
43	Pepe Espaliú: <i>Octubre, octubre</i> , 1987	Embalaje de cartón	Técnica mixta sobre lienzo 152 x 165 cm en total	Colgado en pared			Obra de pared
44	Joseph Beuys: <i>Holzpostkarte</i> , 1974	Papel burbuja	Serigrafía en madera de abeto 10,5 x 15 x 3,3 cm	Colgado en pared			Debería colocarse sobre una peana con metacrilato. Podría buscarse una solución de enmarcarla con un metacrilato para que fuera en pared
45	Joseph Beuys: <i>Filzpostkarte</i> , 1985	Papel burbuja	Serigrafía sobre fieltro 10,5 x 15 x 3,3 cm	Colgado en pared			Debería colocarse sobre una peana con metacrilato. Podría buscarse una solución de enmarcarla con un metacrilato para que fuera en pared
46	Rosendo Cid: <i>Serie Fe de erratas</i> , 2017	Papel burbuja	10 marcos pintura negra 340 x 36 cm	Colgado en pared			En pared. Una de las piezas debería situarse enfrentada, al lado o formando esquina
47	Diego Santomé: <i>Trece metros cuarenta centímetros</i> , 2010	Caja de cartón	Película de súper 8 y proyector Medidas variables	Suelo			Proyector y un punto en el techo para sujetar la película. El proyector se facilita con la obra





48	Diego Santomé: <i>Sin título, 2015</i>	Papel burbuja	Óleo sobre lienzo 24 x 18 cm	Colgado en pared			Obra de pared
49	David Zink Yi	Xa dispón de embalaxe	.Cerámica y resina	Obra de suelo			Obra de suelo
50	Jonathan Hernández: <i>Marea negra, 2007</i>	Papel burbuja	Collage, 50 x 64,5 cm	Colgado en pared			Obra de pared
51	Juliao Sarmento: <i>Ataque (2), 1994</i>	Caja de cartón	Acrílico y técnica mixta sobre lienzo 58,4x75 cm	Colgado en pared			Obra de pared
52	Tacita Dean: <i>More or Less, 2011</i>	Caja de cartón	Gravado. 5 paneles de 2.25 c 2,50 cm c/u	Colgado en pared			Obra de pared

